



MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2017-2018

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Índice

Consello Escolar de Galicia

ÍNDICE

1.- Limiar	05
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	07
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.1 Sesións plenarias.....	14
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	17
3.3 Comisións permanentes.....	18
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	26
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2016-2017.....	27
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	28
5.- Ditames elaborados	31
6.- Participación en actos, congresos , reunións	36
7.- Resumo económico	38

Limiar

1

LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2017/2018 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno e Comisión Permanente, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais e na presentación de propostas.

Composición do Consello Escolar

2

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Román Rodríguez González (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

María Xosé Rodríguez Martínez (CIG)

Xesús Fernández Rivas (CIG)

María Luz López Pérez (CCOO)

José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)

Julio Díaz Escolante (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Purificación Bernárdez Álvarez (CCOO)

Rodolfo Castro Fernández (FSIE – GALICIA)

Gerardo Morano Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

José Antonio Álvarez Caride (CONFAPA)

Dolores Blanco Sanguineto (CONFAPA)

Javier Sánchez García (ANPAS GALEGAS)

María José Mansilla Chao (CONGAPA)

María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Vacante

Persoal de Administración e Servizos:

Vacante

Digna Lía Rodríguez Barros (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)

José Ignacio Parajó Calvo (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)

Jorge Abrahan Vila Álvarez (UGT)

Otilia Mourelo Barreiro (CSIF)

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)
José Álvarez Carpintero (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de MRPs)
María dos Anxos Gonzállez Refoxo (Coordinadora Galega de MRPs)
Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

María del Carmen Cimadevila Cea
José Manuel Pinal Rodríguez
Jesús Oitavén Barcala
Valentín García Gómez
Manuel Corredoira López
Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

Óscar Benito Portela Fernández
César Longo Queijo
Olga Alonso Suárez
Gabriel Alén Castro
Miguel Domínguez Alfonso
Francisco Magide Bizarro
Jorge Cubela López
María do Carme Fouces Díaz

Universidade:

María Pilar Jiménez Aleixandre
Rita Gradaille Pernas

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Venancio Graña Martínez
Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Vacante

Consello da Xuventude de Galicia

Vacante

Secretaría Xeral de Igualdade

Pilar García-Rodeja Gayoso

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

Delegación de funcións:

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006) o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente.

Baixas e altas de membros no Consello:

No curso 2017-2018 tivo lugar a modificación dos membros do consello que se indica :

Publicado no DOG do 7 de agosto de 2017:

Baixa	Alta
Helena Gómez Vecino	Dolores Blanco Sanguñedo

Publicado no DOG do 8 de agosto de 2017:

Baixa	Alta
Armando Francisco Mera	Rodolfo Castro Fernández

Publicado no DOG do 25 de setembro de 2017:

Baixa	Alta
F. X. Anxo Louzao Rodríguez	Xesús Antón Bermello García

Publicado no DOG do 14 de marzo de 2018:

Baixa	Alta
Purificación Bernárdez Álvarez	Iria Antuña Rodríguez
Jorge Abrahán Vila Álvarez	Felipe Balboa Fernández
José Luís Liñares Louzao	Marta Amate López
María Pilar Jiménez Aleixandre	José Ángel Armas Castro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

José Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Helena Gómez Vecino

Daniel Barata Quintas

Olga Alonso Suárez

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Como consecuencia da baixa de Helena Gómez Vecino con data 7 de agosto de 2017, procédese a cubrir a vacante que se produce na Comisión Permanente resultando elexida dona Dolores Blanco Sanguñedo.

Actividade do Consello Escolar

3

ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Durante o curso 2017-2018 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2017 ata o día 31 de agosto de 2018 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Comisións permanentes.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2016-2017.

3.1 SESIÓN PLENARIAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2017-2018 en dous ocasións:

SESIÓN DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

20 de decembro de 2017

3 de maio de 2018

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	20 de decembro de 2017	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 17:00 a 19:20	Asistentes	27 de 45 (60,00%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2016-2017.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en Promoción da Igualdade de Xénero.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta polo que é aprobada por unanimidade.

O vicepresidente informa das altas e baixas producidas dende a derradeira reunión do Pleno do Consello Escolar e informa do momento en que se atopa o proceso de renovación por metade de acordo co establecido no artigo 14.2 de regulamento de réxime interno. Comunica así mesmo que o Informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia vaise realizar sobre un tema, acordado na comisión permanente, dunha grande importancia nos centros educativos como é A atención á diversidade no ensino básico.

No terceiro punto da orde do día o vicepresidente comenta que se presenta para a súa consideración a memoria do curso 2016-2017 que contén como en anos anteriores a composición do consello, a actividade, as competencias, os ditames e un resumo económico. Non habendo ningunha observación sobre a memoria, apróbase.

Trátase no punto cuarto o ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en Promoción da Igualdade de Xénero. Presentáronse 59 emendas. A Comisión Permanente elaborou o ditame provisorio composto de tres puntos. Debátense as emendas que non foron aceptadas no ditame provisorio e como remate procédese a votar o ditame provisorio que incorpora as emendas aprobadas na sesión para elevalo a definitivo, quedando aprobado.

Presentáronse catro rogos.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	3 de maio de 2018	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17:00 a 18:50	Asistentes	31 de 45 (68,88%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo dos niveles Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta polo que é aprobada por unanimidade.

O vicepresidente informa sobre a situación en que se atopa o informe sobre o estado e situación do sistema educativo en Galicia que este ano vai tratar sobre a atención á diversidade. Informa tamén das substitucións que se teñen realizado dentro do Consello Escolar como consecuencia de baixas e altas producidas e pola renovación por metades establecida. Aos saíntes agradeceulles os seus servizos e aos entrantes deulles a benvinda e fixo votos porque o seu traballo sexa beneficioso para o consello e enriquecedor para eles.

No referente ao punto terceiro da orde do día, comunica que se presentaron 24 emendas e que a comisión permanente elaborou un ditame provisorio composto de tres puntos. Procédese á deliberación das emendas presentadas e non aceptadas na comisión permanente e logo do debate e da votación correspondente procedeuse á votación do ditame que inclúe as emendas que foron aprobadas nesta sesión. Apróbase.

En relación co punto cuarto comunica que se presentaron 25 emendas e que a comisión permanente elaborou un ditame provisorio composto de catro puntos. Procédese á deliberación das emendas presentadas e non aceptadas na comisión permanente e logo do debate e da votación correspondente procedeuse á votación do ditame que inclúe as emendas que foron aprobadas nesta sesión. Apróbase.

Preséntase un rogo.

3.2 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DE PLENO:

Os membros do Consello Escolar de Galicia tiveron as seguintes asistencia ás reunións do pleno:

Profesores do Ensino Público:	9 de 10 posibles
Profesores do Ensino Privado:	2 de 6 posibles
Pais e Nais de Alumnos:	8 de 10 posibles
Persoal de Administración e Servizos	1 de 2 posibles
Titulares de Centros Privados	3 de 4 posibles
Centrais Sindicais	6 de 8 posibles
Organizacións Empresariais	2 de 4 posibles
Profesores propostos polos MRPs	6 de 6 posibles
Administración Educativa	11 de 12 posibles
Administración Local	4 de 16 posibles
Universidade	1 de 4 posibles
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	4 de 4 posibles
Secretaría Xeral de Igualdade	1 de 2 posibles
Secretario	2 de 2 posibles

Estas asistencia supoñen a seguinte porcentaxe para cada colectivo que se indica:

Profesores do Ensino Público:	90,00%
Profesores do Ensino Privado:	33,33%
Pais e Nais de Alumnos:	80,00%
Persoal de Administración e Servizos	50,00%
Titulares de Centros Privados	75,00%
Centrais Sindicais	75,00%
Organizacións Empresariais	50,00%
Profesores propostos polos MRPs	100,00%
Administración Educativa	91,66%
Administración Local	25,00%
Universidade	25,00%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	100,00%
Secretaría Xeral de Igualdade	50,00%
Secretario	100,00%

O conxunto dos membros do Consello tivo un total de 60 asistencia das 90 posibles o que representa un 66,66% de asistencia ás sesións convocadas.

3.3 COMISIÓNS PERMANENTES

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2017-2018 en sete ocasións nas seguintes datas:

REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

5 de outubro de 2017

16 de novembro de 2017

11 de decembro de 2017

29 de xaneiro de 2018

12 de marzo de 2018

19 de abril de 2018

27 de xuño de 2018

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	5 de outubro de 2017	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18:30	Asistentes	4 de 7 (57,14%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Desenvolvemento do guións sobre atención á diversidade como tema do informe do Consello Escolar de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Logo de incluír dúas correccións lingüísticas, apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

O Sr. Vicepresidente dá cota dos cambios de membros do consello que se teñen producido dende a última reunión da comisión. Agradece o traballo dos saíntes e dálles a benvinda aos novos membros. Informa tamén que esa modificación trae como consecuencia unha modificación na Comisión Permanente.

Ante a posibilidade de retomar a organización dos encontros de consellos escolares autonómicos e do Estado acórdase remitir como proposta de temas de interese os seguintes: “As linguas estranxeiras no sistema educativo” e “A avaliación do sistema educativo: éxito e fracaso”.

Procédese ao estudo de distintas propostas de modificación do guión para o informe anual e ao final acórdase que se vai a traballar no guión con estas propostas e as que cheguen ao correo do consello e, unha vez que se modifique e incorporen todas elas, se é caso, someteranse novamente a consideración. A idea é deseñar ben o que queremos.

Presentouse unha pregunta.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	16 de novembro de 2017	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18:30 horas	Asistentes	5 de 7 (71,42%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2016-2017.
- 4.- Situación do traballo sobre atención á diversidade, tema do informe do Consello Escolar de Galicia.
- 5.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións. Acórdase aprobar a acta por unanimidade.

O Vicepresidente dá conta dos cambios de membros do consello dende a última reunión. Tamén indica que se iniciou o proceso de renovación por metades.

Presentouse a memoria do curso 2016-17. Contén os apartados habituais: Composición do Consello, Actividade (sesións plenarias, comisións permanentes, asistencia as reunións, aprobación da memoria anterior), Competencias do consello, Ditames elaborados, Participación en actos, congresos, reunións e Resume económico.

En relación co informe sobre a atención á diversidade preséntase para a consideración da comisión a proposta de traballo presentada polo ICE. Estúdase e débatese atendendo ao guión que xa se establecera por parte do consello. Finalmente e coas modificacións que se estimaron oportunas acórdase que o ICE continúe co traballo presentado.

Presentouse unha pregunta.

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	11 de decembro de 2017	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 17 a 19:30 horas	Asistentes	4de 7 (57,14%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Elaboración de ditame provisorio sobre o proxecto de decreto título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero.
- 4.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa da última reunión da Xunta de Participación Autonómica. Comenta que en principio parecía que estaba encamiñado o asunto de elixir un tema a tratar nos próximos encontros de consellos escolares pero ao final resultou que non foi así. Volveron a xurdir as diferencias sobre o tema do pacto educativo.

Ao final do debate acordouse que aqueles consellos escolares que tiveran traballado sobre o tema enviarían a documentación ao Consello Escolar do Estado. Este, unha vez recadados todos eses documentos, os remitiría a todos os presidentes co obxectivo de elaborar un documento nunha posterior reunión da Xunta de Participación Autonómica. Non se faría un encontro para tratar este tema senón que se resolvería na Xunta de Participación. Unha vez feito iso realizaríanse os encontros de consellos escolares con un tema dos elixibles.

En relación co punto terceiro da orde do día indica que se presentaron 58 emendas, 15 de CIG, 1 da Federación Galega de MRP, 3 de ANPE, 23 de UGT, 3 de ANPAS GALEGAS e 13 de CCOO.

Logo do debate das emendas elabórase un ditame provisorio composto de tres puntos. Acórdase elevalo ao pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	29 de xaneiro de 2018	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18:30	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia, e acordos resultantes no seu caso, sobre o estudo e traballo en torno ao pacto social e político pola educación iniciado no seo da Xunta de Participación Autonómica.
- 3.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Sobre o punto segundo da orde do día o Sr. Vicepresidente comenta que o fundamental deste punto é informar sobre o estudo e traballo en torno ao pacto social e político pola educación, iniciado pola Xunta de Participación Autonómica en relación coa petición realizada polo Ministro de Educación ao Consello Escolar do Estado. Comenta que o presidente do Consello Escolar do Estado reuniu hai dúas semanas a XPA e nesa reunión pediu que se fixese un informe sobre o pacto educativo e se remitise á comisión permanente por se estimaba telo en conta á hora de elaborar o seu informe.

O informe da XPA vaise centrar nos 15 puntos do “Guión de temas a abordar na subcomisión de educación no Congreso”. Establecéronse tres grupos de traballo compostos por cinco ou seis presidentes de consellos escolares e cada grupo abordaría cinco dos puntos inicialmente e revisaría outros cinco en segunda instancia. Como hai consellos escolares autonómicos que traballaron sobre o tema pedíuselles que fixeran unha estruturación en relación cos quinze puntos, coa finalidade de facilitar o traballo.

O Vicepresidente traslada á Comisión Permanente a posibilidade de participar na elaboración das propostas que ten dirixir ao grupo de traballo no que está integrado. Iníciase un debate sobre a competencia dos diferentes órganos para tratar este asunto. O Vicepresidente di que espera que nun prazo breve de tempo chegue o documento estruturado dos consellos que traballaron o tema e nese momento ou ben enviará a documentación aos membros do pleno para que fagan achegas, ou ben a presentará na comisión permanente para facelas.

Presentáronse dúas preguntas.

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	12 de marzo de 2018	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,42%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia sobre a situación dos traballos en torno ao pacto social e político pola educación iniciado no seo da Xunta de Participación Autonómica.
- 3.- Proceso a seguir en relación coas enquisas do informe sobre Atención á diversidade.
- 4.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Preséntanse dúas modificacións á acta que logo é aprobada por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre os pasos que se foron dando dende a Xunta de Participación Autonómica sobre o traballo en torno ao pacto social e político pola educación. Informa así mesmo que remitiu un correo a todos os membros do pleno solicitando a achega das fortalezas e debilidades de cada un dos cinco puntos asignados así como solicitando as propostas de mellora. Unha vez que as reciba, elaborará as súas propostas para enviar ao Consello Escolar do Estado.

O Sr. Vicepresidente entrega os borradores de enquisas que se van utilizar para realizar o informe sobre a atención á diversidade, co obxecto de que sexan revisadas e posteriormente se envíen as achegas que cada quen estime oportunas.

Preséntase unha pregunta.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	19 de abril de 2018	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,42%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo dos niveles Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 5.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa das modificacións producidas no consello como consecuencia da renovación por metades establecida na normativa vixente. Agradécelle os servizos prestados aos membros que saen e dálle a benvida aos novos membros.

En relación co establecido no punto 3 da orde do día informa que se presentaron vinte e catro emendas, 9 de CCOO, 10 de CIG, 2 de CONFAPA e 3 de UGT. Debátense as emendas unha por unha e a Comisión Permanente acorda emitir un ditame provisorio composto de tres puntos e elevalo ao pleno para a súa consideración.

Referente ao punto cuarto da orde do día informa que se presentaron vinte e cinco emendas, 4 da Confederación Galega de MRP, 5 de CCOO, 9 de CIG, 4 de CONFAPA e 3 de UGT. Debátense as emendas unha por unha e a Comisión Permanente acorda emitir un ditame provisorio composto de catro puntos e elevalo ao pleno para a súa consideración.

Presentáronse catro preguntas.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	27 de xuño de 2018	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 13 a 15	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Informe sobre o estudo “Atención á diversidade no ensino básico”.
- 4.- Valoración do curso 2017-2018.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comenta que o informe avaliativo-propositivo sobre o pacto pola educación quedou finalmente aparcado debido ao cambio de goberno producido. Estimouse que non era oportuno continuar co proceso finalista do informe dado que o destinatario do mesmo, o Ministro de Educación que o solicitara, tiña unha previsión inmediata de cambio, cousa que en efecto sucedeu.

Informa así mesmo que o traballo sobre a atención á diversidade no ensino básico xa está en marcha. O Consello Escolar remitiu a cada centro por correo electrónico, unha carta informativa solicitando a súa colaboración. Posteriormente, no correo enviado polo ICE, explicábase o obxecto do estudo e acompañábanse os enlaces electrónicos onde cumprimentar os cuestionarios. No período que vai de xullo a outubro realizarase a análise de datos e resultados. Está previsto que a elaboración do informe final se realice entre novembro e decembro.

Trátase a continuación de comprobar se quedou algún asunto pendente que non fose tratado na súa integridade e que polo tanto convén, ou ben rematalo agora, con motivo do final de curso, ou ben ver de conservalo para tratalo na vindeira reunión. Conclúese que non quedou ningún asunto pendente.

Presentouse unha pregunta..

3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Os 7 dos membros da comisión permanente do consello tiveron un total de 35 asistencias das 49 posibles o que representa unha asistencia do 71,42 % nas sesións convocadas.

3.5 APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2016-2017.

A Memoria de Actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2016-2017 foi aprobada na sesión plenaria de data 20 de decembro de 2017.

Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

4

COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

- a) Anteprojectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.
- c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.
- d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.
- e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.
- f) Orientación e programas educativos.
- g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellorar a calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensar as desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.
- h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ao estudo de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.
- k) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade.

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 3 proxectos de decreto durante o curso 2017-2018.

Estes proxectos de decreto son os seguintes:

1º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en Promoción da Igualdade de Xénero.

2º.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas.

3º.- Ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o currículo dos niveles Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ditames elaborados

5

DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2017-2018

Foron realizados tres ditames de xeito individual.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR EN PROMOCIÓN DE IGUALDADE DE XÉNERO

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 20 de decembro de 2017, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero:

1. Proponse a inclusión de dous novos obxectivos xerais no artigo 9, co seguinte texto:
 - “aa) **Transmitirlle a sociedade unha linguaxe comprometida co principio de igualdade entre homes e mulleres.**
 - ab) **Previr e detectar as situacións de acoso e discriminación que poidan producirse, promovendo ferramentas que canalicen e solucionen, coas debidas garantías, os casos presentados”.**
2. Para o punto 2 do artigo 14, proponse a substitución do texto: “logo da superación do procedemento de admisión que se estableza”; polo seguinte: **“nas condicións de admisión que se establezan”.**
3. No apartado BC3. Planificación de actividades de prevención en violencia de xénero, do punto 1.6.2. Contidos básicos do Módulo profesional de Prevención da violencia de xénero, proponse o texto de adición que figura en negriña na seguinte aliña: “ - Recursos de coordinación, o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller **e o Observatorio galego contra a violencia de xénero”.**
4. No Módulo profesional: Intervención socioeducativa para a igualdade (1.10), apartado 1.10.2 Contidos básicos, cuarto punto do BC1, onde d: “Características psicosociais dos colectivos de intervención...”; debería dicir: “Características psicosociais dos colectivos **e ámbitos** de intervención ...”.
5. No mesmo módulo e apartado anterior, no punto primeiro de BC2, onde di: “... violencia contra as mulleres en diferentes colectivos...”; debería dicir: “...violencia contra as mulleres en diferentes colectivos, **ámbitos ou sectores...**”
6. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que realice unha oferta de formación específica para o profesorado que imparta módulos neste ciclo.

-
7. Así mesmo, recoméndalle que publique o mapa da formación profesional de Galicia no que debера figurar unha implantación importante deste ciclo superior.
-

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS BRAVAS, E TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN PIRAGÜISMO DE AUGAS TRANQUILAS

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 3 de maio de 2018, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas, e técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Tranquilas :

1. Para o artigo 14, punto 1, propónse a substitución do texto: "... a relación profesorado/alumnado será de 1/30"; polo seguinte: **"... a relación profesorado/alumnado será de 1/20 en módulos teóricos e 1/10 en módulos de carácter experimental"**. (páxina 14).
2. No Anxo II – Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Bravas, propónse a inclusión dun novo obxectivo:
"x) Recoñecer a importancia da sensibilización e prevención da violencia de xénero". (páxina 26).
3. No módulo de Factores psicosociais de alto rendemento, apartado C) Contidos (páxina 42), no seguinte punto: Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas da muller deportista de alto rendemento, propónse a supresión da seguinte aliña:
"- Dificultade para manter compromisos a longo prazo".
4. No mesmo módulo, apartado c) Contidos (páxina 42), no seguinte punto: "Condicionantes psicolóxicos e consideracións específicas das persoas deportistas con discapacidade no alto rendemento", propónse a substitución de "persoas deportistas con discapacidade", polo seguinte: **"persoas deportistas con diversidade funcional"**.
5. No módulo de Formación de formadores, punto 3 "Programa e dirixe sesións ..." (páxina 55), propónse a adición do seguinte apartado:
"K) Describíronse recursos didácticos e estratexias metodolóxicas que favorezan a non discriminación dos e das deportistas por cuestións de diversidade afectivo-sexual."
6. No módulo común de Formación de formadores, punto 5, apartado g) (páxina 57), propónse a supresión do texto en negriña: "Argumentouse a importancia da atención á diversidade na valoración do éxito deportivo, dando cabida a outros

colectivos normalmente menos valorados, **especialmente mulleres** e persoas con discapacidade”.

7. No módulo Formación de formadores, punto 5. Promover o desenvolvemento ético e moral do persoal técnico e persoas deportistas de alto rendemento valorando o impacto que os seus comportamentos e actitudes teñen a nivel social, especialmente a través dos medios de comunicación; aliña: “A atención a colectivos desfavorecidos no alto rendemento deportivo: valoración do éxito en mulleres e persoas con discapacidade. Tratamento nos medios de comunicación”, propónse a substitución do texto: “persoas con discapacidade”; polo seguinte: “**persoas con diversidade funcional**”. (páxina 63).
8. No Anexo III, Obxectivos xerais e módulos de ensino deportivo do ciclo de grao superior en Piragüismo de Augas Tranquilas, propónse a inclusión dun novo obxectivo co seguinte texto: “**u) Recoñecer a importancia da sensibilización e prevención da violencia de xénero**”. (páxina 135).
9. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que se implanten estes títulos en instalacións públicas, dado que Galicia conta con hidrografía e rías de abondo para que estas actividades se desenvolvan no ámbito público.
10. Por último, tamén lle recomenda que planifique un mapa de implantación destes títulos que responda á demanda das distintas iniciativas deportivas neste eido.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DOS NIVEIS BÁSICO A1, BÁSICO A2, INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2 DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 3 de maio de 2018, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos niveis Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Para o artigo 3, punto 3, apartado d), propónse a supresión do texto en negriña: “As ensinanzas de nivel Intermedio B2 de español como lingua estranxeira, galego e **portugués** desenvolverase ao longo dun curso académico, cunha duración total de 120 horas”.
2. Para o artigo 3, punto 4, apartado b), propónse a supresión do texto en negriña: “As ensinanzas de nivel Avanzado C1 de español como lingua estranxeira, galego e **portugués** desenvolverase ao longo dun curso académico, cunha duración total de 120 horas”.

Non obstante, en relación aos puntos anteriores, os representantes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. manifestan a vontade de establecer un procedemento que facilite ao alumnado de portugués desenvolver os seus estudos en condicións semellantes ás que ten o alumnado que cursa galego.

3. No artigo 7, punto 1, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que conleve unha linguaxe sexista, o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que puidera considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.”**
4. No artigo 10, punto 3, propónse a adición do texto en negriña: **“A custodia, confidencialidade e arquivo dos expedientes académicos correspóndelle aos centros, de acordo a normativa de protección de datos de carácter persoal vixente”**.

Por último, o Consello escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que acometa un plan específico de formación permanente do profesorado das Escolas Oficiais de Idiomas, especialmente para os docentes que impartirán nos niveis C1 e C2.

Participación en actos, congresos e reunións

6

REPRESENTACIÓN NOS SEGUINTE EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos e reunións que a continuación se sinalan:

- Asistencia á cerimonia de entrega dos IV PREMIOS COFAPA en Madrid o día 7 de novembro de 2017.
- Asistencia á reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos en Madrid o día 23 de novembro de 2017.
- Asistencia á reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos en Málaga os días 18 e 19 de de decembro de 2017.
- Asistencia á reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos en Madrid o día 31 de maio de 2018.
- Asistencia ao acto de entrega das Medallas de Galicia 2018 en Santiago de Compostela o día 24 de xullo de 2018.

Resumo económico

7

RESUMO ECONÓMICO

Reunións Comisións	Importe ano 2017
Comisións permanentes e outras Comisións	2.795,14
Plenos	2.409,20
<i>Suma Parcial</i>	5.204,34

Informes e Estudos	
Informe Atención á diversidade	10.092,61
Maquetación informe Bibliotecas Escolares	2.238,08
<i>Suma Parcial</i>	12.330,69

Gastos Xornadas Consellos Escolares	
<i>Suma Parcial</i>	0,00

Retribución dietas	
Dietas	3.591,13
<i>Suma Parcial</i>	3.591,13

Outros gastos	
Augas	114,05
<i>Suma Parcial</i>	114,05

Suma total	21.240,21
-------------------------	------------------

